

A **ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA** é unha entidade pública que está ao servizo da arquitectura en Galicia a través da docencia, da investigación e da difusión dende a súa fundación en 1973.

Tendo coñecemento do inicio proceso de redacción dunha “Lei da Arquitectura de Galicia” pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o Director da Escola, consultada a comunidade escolar así como a Xunta de Escola o pasado 22 de decembro sobre a necesidade e o sentido de pronunciarnos nas fases iniciais de redacción desta Lei, realiza as seguintes

Achegas/Opinións

- A Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña, en calidade de única institución pública dedicada á docencia, a investigación e a difusión da arquitectura en Galicia é un actor relevante no eido da arquitectura, con manifesta vocación para traballar a prol desta disciplina.
- A Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña aparece dentro da "Creación do Consello da Arquitectura de Galicia, con representación dos colexios profesionais e institucións do ensino, as artes e as empresas, e con funcións de asesoramento, seguimento, proposta e comunicación, cun senso transversal." Pero a pesar da aparente pertenza o Consello da Arquitectura de Galicia non aparece como interlocutor para a redacción da lei da arquitectura.
- A Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña mostra a súa dispoñibilidade para participar desde o seu inicio no proceso de formulación da Lei de Arquitectura de Galicia, ofrecendo as súas capacidades específicas para:
 - Analizar outras leis de arquitectura comparables: os seus contextos, antecedentes, contidos e efectos.

- Intermediar entre todos os actores implicados no feito arquitectónico.
- Permeaar a arquitectura á sociedade a través da docencia, a investigación e a difusión.
- Conectar a cultura arquitectónica de Galicia coa cultura arquitectónica universal. contribuindo activamente ao progreso da arquitectura.
- Mobilizar o conxunto dos seus diversos recursos en favor do desenvolvemento social e económico sostible a través da arquitectura.
- Calquera outra misión que a cidadanía de Galicia e os seus representantes políticos e sociais consideren oportuno.

Por outra parte, considerando que o trámite de solicitude de achegas e opinións á Lei de Arquitectura de Galicia realizouse en boa medida en período non lectivo e ademais coincidente con confinamentos poboacionais parciais, solicitamos do propoñente a extensión do período de consultas de tal xeito que se faga posible a realización dun proceso de debate amplo e participativo.

Na Coruña, a catro de xaneiro de 2021

Plácido Lizancos Mora

Director